

NORMAS DE FUNCIONAMIENTO ALMORZOS

1. **OS PREZOS PODERÁN SUFRIR ALGUNHA VARIACIÓN AO LONGO DO CURSO ESCOLAR, EN FUNCIÓN DA SUBIDA DAS MATERIAS PRIMAS NECESARIAS PARA O FUNCIONAMIENTO DO MISMO. EN CASO DE HABER ALGUNHA VARIACIÓN SERÍA APROBADA POLA ANPA E NOTIFICADA COMO MÍNIMO CON UN MES DE ANTELACIÓN.**
2. En caso de situacións de emerxencia (catastrofes, pandemias, etc), os pais/titores do alumnado aceptan por medio deste impreso, as circunstancias e riscos que a situación puidera conlevar durante o desenvolvemento do servizo. Así mesmo, entenden que a empresa, a ANPA e a dirección do centro non son responsables das contingencias que poidan xurdir e aceptan as normas e medidas que estipule o centro.
3. Os servizos de almorzo e permanencia **xestiónanse a través da ANPA**. Contrátase a empresa ANA NAYA ERIAS, que será a encargada do coidado dos rapaces e rapazas durante todo o horario. As diferenzas de importes da opción **NON SOCIOS**, son decididos pola ANPA, e **van destinadas íntegramente á asociación**.

As altas, baixas e modificacións faránse preferiblemente antes do 25 do mes anterior, con data límite ó último día lectivo do mes anterior. A DÉBEDA DALGUNHA MENSUALIDADE IMPLICA NON PODER ACUDIR AO SERVIZO.

4. **Os pagos son por adiantado e faránse en efectivo ou domiciliación bancaria os primeiros días do mes.**
5. **A empresa encargada do servizo así coma os usuarios comprométense a cumprir as normas de funcionamento.**
6. **A empresa encargada do servizo comprométese a cumprir a lei orgánica 17/1999 de protección de datos de carácter personal.**

ALMORZOS

7. O horario será dende as 07:15 ata as 09:00 horas. O ALUMNADO QUE ALMORCE NO CENTRO DEBE CHEGAR **ANTES DAS 08:15 HORAS**. OS NENOS E NENAS QUE CHEGUEN MÁIS TARDE DESTA HORA DEBERÁN VIR ALMORZADOS DA CASA.
8. Os pais dos alumnos comprométense a avisar inmediatamente aos monitores do servizo de calquera **alerxia, intolerancia, enfermidade ou calquera incidencia relacionada co COVID-19**, que poida repercutir no bo funcionamento de dito servizo, tendo que remitir informe facultativo, **se a empresa o considera oportuno**.
9. Os usuarios do servizo, que queiran lavar os dentes, deberán traer da casa tódolos días os enseres necesarios para o seu aseo bucal.
10. O menú será o mesmo para todo o alumnado. Deberá estar exposto no comedor nun lugar visible. A EMPRESA NON SE FARÁ CARGO DE APORTAR MENÚ SUBSTITUTIVO ATA QUE SE NOTIFIQUE A ALERXIA OU ENFERMIDADE E SE ACHEGUE POR ESCRITO O MENÚ ALTERNATIVO.

MENÚ

LUNS: IOGURT, LEITE E SANDWICH

MARTES: FROITA, LEITE E BOLOS

MÉRCORES: ZUME NATURAL, LEITE E CEREAIS

XOVES: FROITA, LEITE E GALLETAS

VENRES: ZUME, LEITE E TOSTAS

PERMANENCIA

11. O horario será dende as 08:30 ata as 09:00 horas. **RÓGASE PUNTUALIDADE NA ENTRADA QUE SERÁ ÁS 8:30 h.**
12. O alumnado deste servizo non almorzará no centro, nin pode traer ningún alimento para almorzar no centro.